BOP
Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958
LUNS, 5 DE NOVEMBRO DE 2018 LUNES, 5 DE NOVIEMBRE DE 2018 | BOP NÚMERO 210

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CAMBRE

*Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 1*

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2018, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

**Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 2 e 4.B da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles.**

A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cambre, 30 de outubro de 2018

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2018/8158